

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE CRECENTE PARA MELLORAR O ACONDICIONAMENTO DO ENTORNO FLUVIAL DAS PESQUEIRAS

En Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, a directora da Axencia Turismo de Galicia, D^a M^a Nava Castro Domínguez, directora da Axencia de Turismo de Galicia en virtude do Decreto 34/2013, do 21 de febreiro no exercicio das facultades que lle confire o artigo 5 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.

E doutra parte, o alcalde-presidente do concello de Crecente, D.-----, que actúa no seu nome e representación en virtude das atribucións que lle confiren a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e a Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

As partes intervenientes recoñécense capacidade legal para outorgar o presente convenio.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia, é o órgano ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade.

A Axencia Turismo de Galicia ten, entre os seus obxectivos básicos, levar a cabo accións de potenciación de recursos turísticos, polo que, entre as súas prioridades, está a de contribuír á realización de actuacións que impliquen a consecución deste obxectivo.

Segundo.- No territorio galego comprendido entre Salvaterra do Miño e o concello de Crecente, é dicir, no chamado curso baixo do río Miño, cunha lonxitude aproximada de 25 km eríxense maxestuosas e indelebles unas construcións líticas sobre as marxes fluviais do Miño. Estas son, as pesqueiras ou pescos.

As pesqueiras son construcións únicas situadas a ambos lados do río Miño en forma de paralelepípedas de pedra que penetran no cauce fluvial dende as dúas ribeiras e cúa función é a de capturar distintas especies piscícolas, basicamente salmón, lamprea e sábalo. O río Miño chegou a ter unas 700 pesqueiras. Na actualidade consérvanse unas 400.

As “pesqueiras” ou “pescos” de Crecente son muros de pedras paralelas que se adentran na auga en diagonal ou batería á corrente da auga. Estas obras contruídas a base de sillares graníticos alineados paralela ou oblicuamente ao curso do río orixinan as correntes que facilitarán o camino a seguir polos peixes. O conxunto constructivo componse de varios corpos chamados “poios” que deixan entre eles unos callexóns estreitos, entre os que se ubicarán unas redes cónicas. Das pesqueiras ou pescos fálase xa en documentos do século XII, aínda que, probablemente, moitas delas remóntanse á época romana.

Investigadores relacionados co urbanismo, a etnografía ou a ecoloxía abogan en Crecente por conservar as pesqueiras e darlles a máxima protección, como un dos elementos claves para preservar o valor da lamprea da zoa.

As pesqueiras forman parte da arquitectura tradicional de Galicia, pero tamén, son parte duns determinados valores culturais e sociais. Valores que constitúen unha identidade propia, facendo do Baixo Miño unha zona única e rica en cultura popular.

Moito máis alá da realidade cultural, tradicional e social das pesqueiras, estas construcións líticas son a realidade física da paisaxe fluvial do Baixo Miño. A integración das pesqueiras é tal, que mesmo asemellan abrazar ao pai Miño.

Galicia conta cun rico patrimonio construído, tradicións que se perden na historia e elementos etnográficos e da vida social do pobo galego que identifican unha cultura propia de gran riqueza.

A importancia que o turismo ten para a economía galega xustifica a aposta por investimentos destinados a promoción do turismo na nosa Comunidade, que precisa asemade de execución de obras de conservación e de posta en valor turístico do seu rico patrimonio cultural.

Por canto se veu de expor anteriormente as pesqueiras do Miño representan un legado de incalculable valor histórico, pero tamén un elemento vivo e en uso que achega a súa dimensión cultural unha outra dimensión económica e social.

Por todos os valores citados anteriormente, as pesqueiras son merecedoras dun óptimo estado de conservación, considerando de vital importancia o acondicionamento de dita zona fluvial para impulsar e promocionar o turismo no Baixo Miño.

Terceiro.- Os artigos 193.1 b) e 195 h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia establecen que as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia axeitarán a súa actuación ao principio de colaboración mediante a subscrición de convenios. A tal efecto, as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado. Por iso, e a fin de levar adiante o proxecto de acondicionamento do entorno fluvial das pesqueiras, é necesaria a concorrencia de medios e achegas de ámbalas dúas partes interesadas, polo que é preciso determinar o contido de dita cooperación.

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

O obxecto deste convenio é establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o concello de Crecente para condicionar e rehabilitar a Pesqueira Follagueira, así como mellorar o acondicionamento do seu entorno, cos seguintes obxectivos:

- 1) Limpeza
- 2) Retirada de materiais non acordes (formigón)

- 3) Restauración total da Pesqueira con aportación de material de similares características ao existente (pedra), en plataforma, zoa do pesco e cola de Pesqueira
- 4) Preparación de Pesqueira de crecida como obrador e con colocación de paneis informativos e aparello de pesca.
- 5) Acondicionamento e melloras de accesibilidade, pavimentando a base de perpiaños

Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento previsto para estas actuacións ascende a 83.148,78 € que se distribúen do xeito seguinte:

PESQUEIRA FOLLAGUEIRA

Desbroce e limpeza con medios manuais de terreo con arbustos	5.925,90 €
Retirada con medios manuais da capa de formigón	1.945,20 €
Reconstrucción de elementos da zoa dos “poios”	39.245,10 €
Suministro e colocación de panel	700 €
Retirada de escombros e residuos existentes na zoa	650 €
Preparación de camiño, sendeiro peatonal, de acceso dende a pesqueira “Nova” ata a de “Follagueira”	7.425 €
TOTAL	55.891,20 €

XESTIÓN DE RESIDUOS	600 €
SEGURIDADE E SAÚDE	4.000 €

EXECUCIÓN MATERIAL	TOTAL
Pesqueira Follagueira.....55.891,20 €	
Xestión de residuos.....600 €	
Seguridade e saúde.....4.000 €	60.491,20 €

Gastos xerais.....7.863,86 €	
Beneficio industrial.....362,95 €	68.718 €
TOTAL IVA	14.430,78 €
TOTAL PRESUPOSTO	83.148,78 €

A Axencia Turismo de Galicia achegará a cantidade de **oitenta e tres mil cento corenta e oito euros con setenta e oito céntimos (83.148,78 €)**, con cargo á anualidade 2016 na aplicación orzamentaria 04.A2.761A.760.0, código de proxecto 2015 00006, procedentes dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

A achega que fai a Axencia Turismo de Galicia para posibilitar a realización das actuacións será do 100% do orzamento máis arriba indicado, sen que o concello de Crecente obteña beneficio ou lucro industrial algún con dita achega.

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento dos gastos correspondentes con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.760.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega a favor do concello de Crecente unha vez que esta entidade presente a xustificación das actuacións realizadas.

Terceira.- Compromisos da Axencia Turismo de Galicia

A Axencia Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custo das actuacións por importe de oitenta e tres mil cento corenta e oito euros con setenta e oito céntimos (83.148,78 €) para compensar os custos nos que vai incurrir o concello de Crecente no desenvolvemento das actuacións previstas.

De acordo co artigo 63.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, a Axencia Turismo de Galicia poderá realizar a súa achega mediante anticipo do 100% da mesma, unha vez asinado o presente convenio.

Conforme ao artigo 65.4.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o

Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia o concello de Crecente queda exonerado da constitución de garantía.

Cuarta.- Obrigas do Concello de Crecente

O Concello de Crecente comprométese a cumprir as obrigas citadas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en concreto as seguintes:

1. Levar a cabo as accións obxecto do convenio.
2. Executar a totalidade do orzamento na cantidade de 83.148,78 €, así como xustificalo.
3. Supervisar as actuacións obxecto do convenio, así como a súa execución.
4. Solicitar os permisos e autorizacións pertinentes para a súa execución.
5. Incluír en toda a documentación e soportes da obra que se realice, que esta conta coa colaboración da Xunta de Galicia - Turismo de Galicia, utilizando a marca Galicia regulada polo Decreto 121/2011, do 16 de xuño.
6. Reintegrar, total ou parcialmente, a axuda percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas no presente convenio.
7. Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
8. Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
9. Presentar, con anterioridade á sinatura do presente convenio, as certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e sociais e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia, que no caso do concello de Crecente poderán substituírse pola declaración responsable do concello de estar ao

corrente coas referidas obrigas, de conformidade co disposto no artigo 11 do Decreto 11/2009.

10. Acreditar ante a Axencia Turismo de Galicia o cumprimento do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais do último exercicio, conforme o indicado no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Quinta.- Compatibilidade

De acordo co disposto no artigo 40.1 d) do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Sexta.- Subcontratación

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir o concello de Crecente para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante o concello de Crecente, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. O organismo local será a responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos

correspondentes.

Os/as subcontratistas están obrigados/as a lles facilitar aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización de órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

Sétima.- Xustificación de fondos e pagamento

A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co disposto no artigo 10 do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, que deberá conter:

- a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e praxe do/a alcalde/alcaldesa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1º. O cumprimento da finalidade da subvención.

2º. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación de obra de se lo caso, importe data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Non se esixe a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2.b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, de se lo caso dos criterios de repartición dos custos xerais e/o indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).

c) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

d) De ser o caso, os tres orzamentos que se requiren en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo de acordo co artigo 8 do dito Decreto 193/211, de 6 de outubro, a conta xustificativa debe incluír a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas ás facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a aportar a Axencia, reducirase na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total presentado.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas a fundación deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido o concello, como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto do convenio e que se teñan efectuado con anterioridade á sinatura do mesmo, sempre que se trate de gastos realizados a partir do 1 de xaneiro de 2016.

A Axencia Turismo de Galicia reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o 15 de decembro de 2016.

De non xustificarse o importe total do orzamento previsto na cláusula segunda, a contía que se obriga a aportar a Axencia Turismo de Galicia minorarase en proporción ao importe xustificado polo concello de Crecente.

Non obstante, non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

Oitava.- Comisión de seguimento

Para o desenvolvemento e bo fin deste convenio constituirase unha comisión paritaria, formada por dous representantes da Axencia Turismo de Galicia e dous representantes do

concello de Crecente, que velará polo cumprimento das obrigas das partes e adoptará cantas medidas e especificacións técnicas sexan precisas de cara a garantir que as competencias se exercen de forma coordinada.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Novena.- Relación contractual

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia e as persoas ou profesionais dependentes das entidades que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria.

Décima .- Xurisdición competente

Este convenio de colaboración está excluído do ámbito do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público en virtude do establecido no seu artigo 4 c), non obstante, os principios do citado Real decreto lexislativo serán de aplicación para resolver as dúbidas ou lagoas que puideran xurdir, tal e como se establece no citado artigo.

É de aplicación a este convenio o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que aproba o regulamento que a desenvolve así como o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

As cuestións litixiosas xurdidas respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos do convenio, serán resoltas en última instancia administrativa pola Axencia Turismo de Galicia, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, contra eles poderá interpoñerse

recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela.

Undécima.- Publicidade e rexistro do convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicarase a suscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Duodécima.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O cumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

Décimo terceira – Vixencia

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, terá vixencia ata o 15 de decembro, e financiará gastos correspondentes ás accións desenvolvidas desde o 1 de

xaneiro de 2016 ata o remate da súa vixencia para o cumprimento dos obxectivos nel establecidos.

Lido polas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano e rubrícano por triplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica no comezo.

A directora de Turismo de Galicia

O alcalde do concello de Crecente

M^a Nava Castro Domínguez